

**RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS A CENTROS PRIVADOS
CONCERTADOS PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA COA
FINALIDADE DE MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO
EN LINGUAS ESTRANXEIRAS CONVOCADAS POLA ORDE DE 28 DE DECEMBRO
DE 2022**

A Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 28 de decembro de 2022, publicada no DOG do 23 de xaneiro de 2023, regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras (código de procedemento ED504E).

Unha vez rematada a valoración das solicitudes pola Comisión de Valoración, de conformidade co establecido no artigo 11 da devandita Orde,

RESOLVO:

Primeiro-. Publicar no portal educativo www.edu.xunta.gal a proposta de resolución provisional dos centros beneficiarios e non beneficiarios das axudas co importe asignado a cada centro educativo (Anexo I).

Segundo-. Contra esta resolución poderanse efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das axudas ante a persoa que exerza a presidencia da comisión no prazo de 10 días naturais a partir do día de publicación desta resolución provisional no portal educativo.

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Para unha maior axilidade na xestión, pégase adiantar as posibles alegacións por correo electrónico ao enderezo auxiliaresgalicia@edu.xunta.gal. Non obstante, é preciso entregar a reclamación igualmente por rexistro electrónico.

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 2; Andar 2º
15781 Santiago de Compostela
981 546 503
dxoie@xunta.gal / www.edu.xunta.gal

